

## As Misións Pedagóxicas da Segunda República

“Hablando él, un jardín se mueve al viento, la tierra olea bajo nosotros, como un mar sólido, y somos todos marineros del entusiasmo”. *Juan Ramón Jiménez* describindo a Manuel B. Cossío.

O Padroado de Misións Pedagóxicas creouse por un decreto do goberno provisional da Segunda República española o 29 de maio de 1931. O decreto establecía que se trataba de levar ás xentes, “con preferencia ás que habitan nas localidades rurais, o alento do progreso e os medios de participar nel, nos seus estímulos morais e nos exemplos de avance universal, de modo que os pobos todos de España, aínda os apartados, participen nas vantaxes e goces nobres reservados hoxe aos centros urbanos”. Este propósito pretendía sacar ás aldeas do seu abandono mediante a difusión entre as súas xentes da “cultura xeral, a moderna orientación das escolas e a educación cidadá”. Era unha idea sobre a que viña insistindo a *Institución Libre de Enseñanza* (ILE) creada por Francisco Giner de los Ríos en 1876, quen cría que era necesario levar aos mellores mestres até as aldeas máis apartadas e perdidas de España para que as súas xentes, que vivían nun universo mental alleo á cultura da Ilustración e a Revolución Industrial, fosen partícipes da modernidade que se difundía polas cidades.

Entre 1931 e 1936, un conxunto de aproximadamente 700 mozos e mozas, intelectuais, artistas, escritores, profesores, inspectores de educación, estudantes universitarios e fundamentalmente mestres e mestras, foron por estas aldeas que estaban incomunicadas, levando aos campesiños libros, cinema, gramófonos con discos, teatro e copias de cadros do Museo do Prado e outras actividades coas que se quería alentar a cultura e suprimir o enorme abismo que había entre as cidades e o mundo rural. En conxunto percorréronse preto de 7.000 localidades, e repartíronse 5.522 bibliotecas nestes núcleos rurais, o que, sen dúbida, foi a maior campaña de lectura xamais feita en España.

Pero esta mocidade de intelectuais non só levaban a cultura a unhas aldeas que nalgúns casos aínda vivían presas de estruturas feudais e cun caciquismo durísimo, senón que ademais descubriron unha España inédita que tiña uns valores que era necesario estimar e promover para lograr que se axustase á cultura cidadá; e así toda esta mocidade tomou conciencia de que non só había unha cultura antiga e residual nas aldeas, senón que ademais esta cultura contiña un fondo co que había que contar para renovar a vida e os hábitos do país. Deste xeito, as andanzas polos pobos fixeron madurar a toda unha xeración inqueda, influíndo na súa percepción da vida, nos seus valores artísticos e literarios, nas súas decisións políticas e os seus compromisos sociais, que polo golpe fascista de 1936, dispersouse e en gran parte houbo de exiliarse.


No exame do que foron as Misións Pedagóxicas resulta moi esclarecedor analizar a composición intelectual dos propios grupos de misioneiros, que en ningún caso formaban un conxunto homoxéneo. Desde os que na primeira hora do levantamento fascista de 1936 colleron as armas para loitar contra os sediciosos até os que xa o primeiro día do golpe militar -uns poucos- pasáronse ás filas franquistas existían entre eles moitas sensibilidades; porque participando nas Misións houbo unha mocidade con moitísimos matices, desde anarquistas até católicos acrisolados. Pero antes daquel día maldito da sublevación de Franco, ían todos xuntos polas aldeas e conviviron sen o odio que despois se desatou, e é especialmente luminoso ver como traxectorias biográficas que logo foron diversas, mesturáronse nunha actividade que entusiasmou a moitos mozos e mozas daquela xeración. Non hai máis que examinar quen foi a cada sitio, ou como o tempo foi esculpindo en cada un dos misioneiros unha peculiar maneira de entender o que é importante na vida.

Non é fácil facer un resumo, nin sequera unha clasificación de todos eles sen incorrer en simplificacións pouco explicativas, pero si recuperar algún exemplo que pode ilustrar a importancia que tivo aquel esforzo educador. Unha das misións máis coñecidas que fixo o Padroado, discorreu por Galicia entre agosto e decembro de 1933. Durante eses meses un grupo de mozos levou por diversos pobos galegos un programa de animación cultural que incluía distribución de bibliotecas, sesións de cinema, museo ambulante de pintura, ou un teatro de monicreques que se estreou en Malpica. A misión estaba dirixida por Rafael Dieste (1899-1981) e acompañáronlle outro sete intelectuais moi novos pero entusiastas con esta actividade cultural: Antonio Sánchez Barbudo, Arturo Serrano Plaja, Ramón Gaya, José Otero Espasandín, Antonio Ramos Varela, Cándido Fernández Mazas, e José Val del Omar. ¡Canta intelixencia e xenerosidade se contén neses oito mozos entusiastas!


<b>Táboa I. Resumo de datos das Misións Pedagóxicas</b>	
<i>Actividade de referencia</i>	<i>número</i>
Persoal que participou nas súas actividades	721
Bibliotecas distribuídas (arredor de 600.000 libros en total)	5.522
Misións realizadas (incluíndo cursos para mestres)	208
Pobos visitados polo Teatro e Coro	286
Localidades con servizo de música até 1934	73
Pobos visitados polo Museo do Pobo	176
Películas documentais e cómicas usadas polo Padroado	600 c.
Filmacións de actividades misioneras até 1934	40
Fotografías identificadas	1.000 c.

**Táboa 2. Perfil dos misioneiros.**

<i>Profesión coñecida ou declarada</i>	<i>Número</i>	<i>%</i>
Arquitectos e Enxeñeiros	13	1,80
Artista gráfico/Pintor	12	1,66
Bibliotecarios	7	0,97
Biólogos e Químicos	4	0,69
Cinema (director/realizador)	4	0,55
Escritores	12	1,66
Estudantes	54	7,50
Funcionarios	15	2,08
Inspectores de primeiro ensino	63	8,74
Mestres de primeiro ensino	320	44,38
Médicos	15	2,08
Xornalistas	6	0,83
Profesores de Escola Normal	61	8,46
Profesores de segundo ensino	19	2,64
Profesores universitarios	4	0,55
Outras profesións*	12	1,68
Descoñécese	99	13,73
<b>TOTAL</b>	<b>721</b>	<b>100</b>



**Primeira sesión do teatro de monicreques das Misións Pedagóxicas no peirao de Malpica en outubro de 1933**



**Luis Cernuda, de traxe e paxarela, chegando a Burgohondo (Segovia) montado nun burro o 13 de xullo de 1932**

\* 3 músicos, 3 políticos, 2 avogados, 2 enfermeiras, 1 veterinario, 1 sacerdote.

Fonte: Otero Urtaza, E.: "The Educational Missions under the Second republic in Spain (1931-1936): a framework for popular education", en *A history of popular education: educating the people of the world* (Sjaak Braster, Frank Simon e Ian Grosvenor, editors). London/New York, Routledge Taylor&Francis Group, 2013, páxs. 207-220

## Imaxes Gráficas



Arriba, representación do Teatro en Galende (Zamora).  
Abaixo un dos marcapáxinas que se levaban coas bibliotecas.



### PATRONATO DE MISIONES PEDAGÓGICAS

Los libros deben ser tratados no sólo con esmero, sino con cariño, porque son amigos que nos proporcionan placer y enseñanza.

Hay que hacer que los libros duren, para que otros obtengan con su lectura la misma alegría y el mismo deleite que nosotros hemos tenido.

La encuadernación conserva el libro y muchas veces es, además, bonita. Por esto debe procurarse que no se estropee. Se envían pliegos de papel fuerte para que, el que lo sepa hacer, enseñe a forrar con esmero los libros.

El forro es como la blusa de trabajo, que conserva y guarda limpio el traje.



As dúas fotografías corresponden ao teatro de monicreques “La Tarumba” que foi creado polo pintor Miguel Prieto, partindo do teatro de monicreques das Misións Pedagóxicas que dirixía Dieste e no que colaborou, e que actuou na fronte na Guerra Civil (Fot. que conserva a familia nun álbum no exilio)



O inspector da provincia de León, Luis Vega, na aldea de Guímara (Val de Fornela, en León), bailando coas aldeáns. Foi fusilado polos fascistas o 18 de agosto de 1936 en Puente Castro.

Neno de La Baña (León) xogando cunha roda (Fot. de Modesto Medina Bravo)





Público nunha Misión Pedagóxica en Torrecaballeros (Segovia) o día 5 de xullo de 1933, probablemente asistindo a una sesión de teatro ao aire libre. Os dous mozos de sombreiro son segadores galegos.



Vendo unha película por primeira vez (Fot. da colección da Biblioteca Nacional)

Hablamos de muy distintas cosas, y en la manera respetuosa y nada disparatada que tenían para aludir a temas políticos, comprendimos que entre el zapatero o el portero de una gran ciudad y estos hombres descalzos existe un abismo de finura, de elegancia auténtica, de pureza (a favor de los descalzos, naturalmente), que no es fácil suponer desde lejos. (Ramón Gaya *Memoria* 1934, pág. 114)

Después de haber sido misionero, difícilmente se podría ser marrullero en política, ficticio o pedante en arte, descuidado en asuntos de ética profesional (Rafael Dieste)



Traslado dos cadros do museo de pintura entre Pindo e Corcubión, cara o 10 de outubro de 1933. O primeiro da dereita parece Ramón Gaya e do centro é, posiblemente, Antonio Sánchez Barbudo (Fot. de Jose Val del Omar).



Ramón Gaya colga en Malpica un debuxo seu, posiblemente para facer as “aleluías” dun canto de cego que representaron nesta ocasión. Outubro de 1933. (Fot. de Jose Val del Omar).



O “Tío Graña”, un coñecido mariñeiro de Malpica, e o seu fillo, no museo de pintura das Misións Pedagóxicas o 20 de outubro de 1933 (Fot. de José de Val del Omar)



Don Pedro, crego dunha parroquia de Sanabria. O único cura do que se ten noticia que colaborou activamente coas Misións Pedagóxicas. Misión Pedagóxica Social de Sanabria. Outubro de 1934.